

ACTA N.º 11/2015
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 24 DE SETEMBRO
DE 2015

ASUNTOS

DECLARACIÓN DE NIGRÁN COMO LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER, CON OCASIÓN DO DÍA MUNDIAL DO ALZHEIMER (21 DE SETEMBRO DE 2015)

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- PROPOSTA DE ACORDO RELATIVO A TRANSPARENCIA
- I.3.- CUESTIÓNS RELATIVAS Á APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DUCHAS E LAVAPÉS
- I.4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 25/15 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 344.679,41 €
- I.5.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014
- I.6.- PROPOSTA SOBRE O NOVO HOSPITAL DE VIGO
- I.7.- PROPOSTA SOBRE ACOLLIDA DE PERSOAS
- I.8.- PROPOSTA SOBRE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA
- I.9.- MOCIÓN DE URXENCIA: APROBACIÓN DAS TARIFAS APLICABLES AOS SERVIZOS URBANOS DE TAXIS DE NIGRÁN

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015, E ESTIMACIÓN A DÍA 31-12-2015
- II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015
- II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

- PSOE:

Alcalde-Presidente:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D. Modesto Martínez Sienes

- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 24 de setembro de 2015
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:00
- *Hora de remate:* 22:16
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se produciron.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

Aberta a sesión o Sr. Alcalde dálle lectura parcial á declaración, cuxo texto íntegro é o que segue:

DECLARACIÓN DE NIGRÁN COMO LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER, CON OCASIÓN DO DÍA MUNDIAL DO ALZHEIMER (21 DE SETEMBRO DE 2015)

O Concello de Nigrán:

-Consciente de que o alzhéimer é un problema socio-sanitario debido á inexistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención.

-Consciente de que, a pesar das diferentes recomendacións formuladas dende o Parlamento Europeo, a Comisión Europea, máis recentemente da Organización Mundial da Saúde, en Galicia non existe unha estratexia integral de abordaxe das demencias en Galicia.

-Consciente de que as demencias teñen unha prevalencia estimada de 104.000 casos en Galicia, das que o 65% son debidas ao Alzheimer e da grande afectación que esta enfermidade produce aos doentes e ás súas familias, e que debido ao aumento da esperanza de vida da poboación, nos próximos vinte anos esta cifra verá duplicada a súa incidencia, sendo este un problema especialmente grave en Galicia polo especial avellentamento e dispersión da poboación.

-Consciente de que a abordaxe desta enfermidade, que ten un custo anual medio de máis de 30.000 €, recae principalmente nas familias e que a dotación de recursos socio-sanitarios específicos para afrontar as necesidades das persoas enfermas e das súas familias é escasa.

-Sabedor de que a poboación da nosa localidade está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo Alzheimer).

FAI CONSTAR:

A súa sensibilidade con este problema de primeira magnitude declarándose "**Localidade Solidaria co Alzheimer**", concienciándose sobre a existencia desta enfermidade e da oportunidade de que se contribúa á súa normalización, explicando a súa realidade, alcance e da necesidade de que se faciliten ferramentas para paliar os seus posibles efectos na persoa enferma e na convivencia con seu contorno máis achegado.

Por todo elo invita ás institucións públicas competentes e ás entidades privadas involucradas a:

1. Impulsar actuacións e medidas encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas pola enfermidade de Alzheimer e as súas familias.
2. Fomentar a participación do colectivo Alzheimer nos órganos correspondentes de saúde, políticos e sociais, trasladando a visión exacta e directa dos problemas aos que se enfrontan as familias e os afectados pola enfermidade facéndolles participes das áreas de mellora, deseño de actuacións e a participación na avaliación das mesmas de forma conxunta, presentando unha oportunidade de fortalecemento da corresponsabilidade.
3. Promover a organización de charlas sobre a enfermidade de Alzheimer impartidas por profesionais sanitarios, cuidadores, profesionais das asociacións de familiares de Alzheimer como parte da atención e servizos respectivos, dedicados ás familias afectadas e que poderían ser impartidas en locais cedidos ao efecto.
4. Facilitar a dispoñibilidade de espazos para dar cobertura á participación cidadá na realización de charlas sobre Alzheimer, reunións de socios, encontros interxeracionais...
5. Promover a formación sobre a enfermidade de Alzheimer dirixida a familiares, persoal

de voluntariado social e a colectivos implicados no coidado de persoas que sofren esta enfermidade co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas e das súas familias.

6. Facilitar que aqueles servizos dirixidos á atención á comunidade teñan a información e formación precisa para a correcta realización do seu traballo á hora de tratar a persoas con unha demencia.
7. Difundir información sobre a enfermidade de Alzheimer facilitando contidos, recursos existentes tanto nas respectivas páxinas Web, como a través dos diferentes canles telemáticos, e os medios de comunicación dispoñibles (TV, radio e prensa local)
8. Impulsar a "Axenda do Alzheimer" onde se recollan aquelas actividades relacionadas co Alzheimer que na modalidade de cursos, charlas, seminarios, encontros, eventos contén coa promoción correspondente.
9. Facilitar a accesibilidade completa tanto das persoas con Alzheimer e outras demencias como de calquera outro colectivo.
10. Apoiar a creación dunha estratexia autonómica socio-sanitaria que permita desenvolver un Plan Galego de Demencias con programas concretos de atención ás persoas con Alzheimer e as súas familias así como a dun Observatorio do Alzheimer.

Con este xesto institucional, este Concello pretende animar a outros municipios e demais institucións públicas e privadas a apoiar á sensibilización e concienciación da sociedade, institucións e cargos públicos sobre este problema socio-sanitario de primeira magnitude.

Ratificando esta declaración, o noso municipio, como **"Localidade Solidaria co Alzheimer"**, apoia a iniciativa, liderada pola Alianza polo Alzheimer, que reivindica a posta en marcha dunha Política de Estado de Alzheimer.

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 30 de xullo de 2015.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, e non producíndose intervencións, declárase aprobada por unanimidade.

I.2.- PROPOSTA DE ACORDO RELATIVO A TRANSPARENCIA

Na Comisión Informativa Especial de Suxestións e Reclamacións do 15 de setembro de 2015 asúmese á seguinte proposta da Presidencia da mesma:

A) ANTECEDENTES:

INFORME SOBRE TRANSPARENCIA (ELABORADO POLA PRESIDENCIA)

INTRODUCCIÓN

Na sesión de constitución da Comisión especial de suxestións e reclamacións acordouse na proposta de traballo, a elaboración por parte do presidente da Comisión de Suxestións e Reclamacións dun informe sobre transparencia e acceso a información por parte da veciñanza, para o seu ditame por parte desta comisión e a súa remisión posterior ao pleno.

Dito informe conterá:

- Normativa na materia de aplicación e o seu grao de cumprimento.
- Diagnostico de cumprimento da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Cabe destacar que esta lei non entrou en vigor na súa totalidade para a Administración Local.
- Proposta de medidas a adoptar en función do observado nos apartados anteriores.

REFERENCIAS NORMATIVAS

A normativa referida a transparencia e ao acceso a información por parte da veciñanza está moi dispersa. Por outra parte dentro da análise da normativa hai que diferenciar o que é unha obrigaón e o que é potestativo cumprir por parte do Concello de Nigrán.

A continuación relacionamos non exhaustivamente as normas sobre transparencia, cuxo análise pormenorizado se fai nos Anexos I, II e III:

Lei de transparencia. 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. (ANEXO I)

Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, así como o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. (ANEXO II)

Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE). (ANEXO III)

CONCLUSIÓNS

Da análise destes textos normativos, e a pesar da ambigüidade que nalgúns aspectos existe na lexislación, o cal dificulta a interpretación desta, conclúese que si ven existen aspectos destas leis que se cumpren na actualidade, incluso nalgún caso mais alá dos mínimos legais actualmente vixentes, existen outros que non, sendo necesario adoptar unha serie de medidas para cumprir ditas leis. Medidas tanto organizativas, económicas e técnicas.

Tamén cumpre determinar e interpretar como se van a cumprir, as diferentes normativas, dada a ambigüidade existente en determinados aspectos destas normas.

B) PROPOSTA DE ACORDO

1. O Pleno de Nigrán insta ao Alcalde a:

-A iniciar os trámites para que o Concello de Nigrán se adhira ao Acordo Marco de colaboración, asinado o 28 de abril de 2015, entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas) e a federación Española de Municipios e Provincias para promover e facilitar o desenvolvemento da lei 19/2013, de 9 de Decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno nas entidades locais, ou a creación por medios propios a infraestrutura técnica na páxina web do Concello de Nigrán do Portal de Transparencia, no caso de que non se produza a adhesión.

-A que se solicite a alta do Perfil do contratante do Concello de Nigrán na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia ou na Plataforma de Contratos do Estado.

-Que se cree unha unidade coas funcións previstas órgano no artigo 21.2 da Lei de transparencia. 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

-A que no proxecto de Orzamento do ano 2015, se doten as partidas orzamentarias necesarias no para poder executar este acordo, así como a correcta aplicación da Lei de transparencia. 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

2. O pleno de Nigrán insta á Comisión especial de Suxestións e reclamacións:

Elabore un borrador de ordenanza de Transparencia e acceso á información no Concello de Nigrán, na que se concrete a información e documentación que debe estar publicada no Portal da transparencia do Concello de Nigrán, no perfil do contratante do Concello de Nigrán, o momento da súa publicación e retirada, así como os procedementos de acceso á información recollidos nas lexislación e os controis que sobre esta materia se teñan que establecer. Esta ordenanza terá como obxectivo dar cumprimento no Concello de Nigrán á Lei de transparencia. 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE). e o Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, así como o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como a súa normativa de desenvolvemento.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, Presidente da Comisión de Suxestións e Reclamacións: Explica os pormenores da proposta, que consta dun apartado de antecedentes e dunha parte dispositiva, á que lle da lectura.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Están a favor. O prazo estase acabando para o cumprimento da Lei. Os medios cos que se conta son escasos e as leis non dan facilidades para reforzar o persoal.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Apoian a proposta.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Tamén comparten a iniciativa. A ordenanza de transparencia será un paso importante.

Sr. Alcalde-Presidente: Apoian a iniciativa.

Acordo.- O Pleno do Concello, coa unanimidade dos 17 membros que o integran, acorda aprobar a proposta nos seus propios termos.

I.3.- CUESTIÓN RELATIVAS Á APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DUCHAS E LAVAPÉS

A) Ditame da Comisión:

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 16 de setembro de 2015, informa favorablemente o expediente da moción do Grupo Municipal do Partido Popular relativa á ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de duchas e lavapés, ca seguinte proposta:

1.- Sexa encomendada polo Pleno de Nigrán á Comisión Especial de Contas, dentro das súas competencias, a revisión da situación actual da aplicación da ordeanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de duchas e lavapés nas praias do Concello de Nigrán.

A tal fin, a devandita Comisión solicitará a documentación e informes técnicos que considere precisos para a súa laboura.

De ser detectadas disfuncións na aplicación da devandita ordeanza fiscal no intre actual, fara proposta motivada de correccións ó Pleno para o seu debate e votación da mesma.

2.- Que unha vez se teñan os informes técnicos necesarios e oportunos, tanto da area de servizos urbanos como da intervención xeral municipal, sexa o pleno da corporación municipal o que tome a decisión en base os devanditos informes, en canto o mantemento ou supresión de dita taxa.

B) Emenda de Nigrán Decide, propondo o seguinte texto alternativo:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2012 asinouse un convenio entre augas de Galicia e o Concello de Nigrán para a posta en marcha no Concello de Nigrán de medidas de aforro de auga mediante sistemas de control intelixentes.

Froito desa polémica existiu un intenso debate entre a cidadanía e os grupos políticos deste concello.

Agora coa modificación das duchas volveu á polémica. Para NIGRÁN DECIDE hai decisións do concello que deben ser estratéxicas e deben tomarse dun xeito consensuado. Debemos decidir que queremos a medio prazo.

ACORDOS

PRIMERO: Que se analice por parte da comisión de contas ou de asuntos xerais, que servizos se deben de dar por parte do Concello de Nigrán en relación ao servizo de duchas e lavapés nas praias, con indicación de que actividades deben estar prohibidas, cales restrinxidas, mediante pago ou calquera outra medida de control do consumo do auga, e cales non deben de ter ningún tipo de restrición.

SEGUNDO: Que en base a dita análise ditas comisións fagan ao pleno a proposta mais apropiada.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Dálle lectura á proposta que se debateu na Comisión. A razón da moción ten que ver coa retirada das duchas pre-pago sen ir acompañada da modificación da ordenanza fiscal correspondente. No mes de xullo preguntoulle ao Alcalde sobre este particular e aínda non lle contestou. Naquel momento convivían o sistema de pago e o gratuíto. Aínda subsisten. Non é normal e débese optar por un deles. Hai reclamacións de reintegro que se deben resolver. Trátase de analizar as solucións e actuar en consecuencia. Non se oporán ao que decida a maioría.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Ten unha emenda. Dálle lectura. Non é tanto a cuestión da ordenanza senón as solucións de cara o futuro, analizando os distintos supostos. Trátase de non producir prexuízos económicos.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Parece que se trata dunha unha proposta alternativa.

Sr. García Pazos: Valora as iniciativas positivas e cree que son compatibles. Propón un texto de consenso.

Sr. Cuevas Raposo: Mostra a súa disposición ao dialogo.

Sr. Fernández Comesaña: A moción inicial vai encamiñada a determinar se se cobra ou non por este servizo. Unha situación que tamén se produce no caso dos cemiterios. Pensan que o mellor é volver ao estado primitivo. É moi dubidoso que co pre-pago se aforrase. Hai que resolver a cuestión. Pensa que a subvención da Xunta non comportaba necesariamente aquel pre-pago. O mellor sería derrogar a ordenanza.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Non se deben mesturar as cousas. Hai que centrar a cuestión. A proposta do PP está clara e a el lle parece un procedemento correcto. Nigrán Decide formula unha cuestión diferente relativa á análise das actividades relacionadas. Propón unha alternativa que é sacar a alusión á ordenanza na proposta do PP.

Sr. García Pazos: Parécelle ben esta última iniciativa.

Sr. Cuevas Raposo: De acordo co BNG.

Sr. Fernández Comesaña: Hai outra problemática coa auga, que é a derivada do actual sistema de cálculo estimado.

Sr. Alcalde-Presidente: Le a proposta refundida, que se somete á votación.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP, Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PSOE e UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, aceptando unha redacción transaccional, acorda encomendar á Comisión Especial de Contas, dentro das súas competencias, a revisión da situación actual da prestación do servizo de duchas e lavapés nas praias do Concello de Nigrán.

I.4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 25/15 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 344.679,41 €

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 16 de setembro de 2015, informa favorablemente o expediente da modificación de crédito num. 25/15 mediante créditos extraordinarios por importe de 344.679,41 €, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Cumprindo o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 28.04.2015 con respecto á solicitude dun préstamo a longo prazo da Deputación provincial de Pontevedra, por importe de 344.679,41 euros para a adquisición dunha parcela no parque empresarial Porto do Molle para a construción dun almacén municipal.

Tendo en conta que o día 31.07.2015 asinouuse o correspondente contrato de préstamo coa Deputación provincial de Pontevedra por importe de 344.679,41 euros.

Tendo en conta que nin o préstamo citado nin a adquisición dunha parcela para almacén municipal figuran no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015.

Tendo en conta a necesidade de contar con crédito orzamentario adecuado, dispoñible e en contía suficiente no ano 2015 destinado á adquisición dunha parcela para a construción dun almacén municipal, por importe máximo de 344.679,41 euros.

De conformidade co establecido no artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 35, 36.2, 37 e 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015.

O Alcalde, proponlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Tramitar e aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 25/15 mediante créditos extraordinarios por importe de 344.679,41 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015; o importe citado destinarase á seguinte finalidade:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
1545062100	Adquisición dunha parcela para a construción dun almacén municipal	344.679,41

A modificación de crédito 25/15 finánciase mediante un préstamo a longo prazo asinado coa Deputación provincial de Pontevedra, o día 31.07.2015, na seguinte aplicación orzamentaria do estado de ingresos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Euros
1591100	Préstamo a longo prazo Deputación provincial de Pontevedra	344.679,41

Segundo.- Someter a información pública durante quince días o expediente administrativo de modificación de crédito 25/15, a efectos de presentación de posibles reclamacións, mediante anuncios a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Nigrán.

Si no período de información pública non foran presentadas reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisoria do expediente administrativo de modificación de crédito 25/15; en caso contrario o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

Terceiro.- Cumprindo o establecido no artigo 42 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC) establécese en cincuenta días o prazo máximo para tramitar e aprobar (no seu caso) o expediente administrativo de modificación de crédito 25/15, conlevando a caducidade do expediente a súa non aprobación definitiva dentro do prazo antes citado.

Cuarto.- Designar como funcionario responsable e encargado da tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito 25/15 ao Interventor Xeral no Concello de Nigrán quen, así mesmo, informará o citado expediente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Fai referencia á finalidade da proposta.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Alude aos antecedentes, e aos apoios que recibiu a iniciativa no proceso. Hoxe asígnase o diñeiro obtido. Desexan que se siga impulsando e que se poidan satisfacer as necesidades pretendidas.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: É positivo que o Concello se dote destas infraestruturas.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: No seu día abstívose. O Concello puido obter unha parcela para este fin como consecuencia dos deberes urbanísticos da Zona Franca. O préstamo sen xuros é unha medida menos mala. Aínda que o fin é necesario e urxente, non pode apoiar a proposta por esa falta de dilixencia municipal en obter gratuitamente a parcela.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Apoiou no Pleno a iniciativa cando empezou a andar. Agora tamén o fará.

Sr. García Pazos: Afortunadamente, a capacidade de endebedamento municipal ten aínda moito percorrido.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar, nos seus propios termos, a proposta ditaminda pola Comisión Informativa.

I.5.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 22 de xullo de 2015, informa favorablemente o expediente da Conta Xeral do exercicio 2014.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Non houbo alegacións. Trátase agora de superar un simple trámite.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Absteranse xa que non formaban parte da Coporación. Hai aspectos mellorables como é a falta de inventario.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Fai un resumo das partidas que considera de maior incidencia. Nos ingresos alude aos que non acadaron as previsións, coma a recollida de lixo, retirada de vehículos ou a entrada de carruaxes que aínda non se puxo en marcha, en contraste cos máis de 200.000 euros recadados en multas de tráfico. No tocante aos gastos, alude aos que subiron considerablemente, como os gastos xurídicos. Hai cuestións no informe do Interventor que son interesantes. Así a recomendación de non utilizar os procedementos negociados sen publicidade, e si o concurso. Hai varios centos de reparos ao longo do exercicio. Votará en contra.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Debido a gastos discutibles e reparos aos procedementos seguidos non a van apoiar.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Houbo épocas cun balance de contas menos presentable. Os procedementos de contratación seguiron os seus trámites. Falouse da necesidade de adxudicar a enerxía eléctrica (que xa está en análise a través da FEMP) e a telefonía, que se deben impulsar.

Sr. Fernández Comesaña: Hai aspectos positivos e negativos.

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase simplemente de contrastar a fidelidade da Conta.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 13; PSOE e PP.
- Votos en contra: 1; UCN.
- Abstencións: 3; Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014.

I.6.- PROPOSTA SOBRE O NOVO HOSPITAL DE VIGO

Vista a moción presentada polo grupo Socialista e a proposta alternativa presentada polo grupo Popular, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais en sesión celebrada o 17 de setembro de 2015, por unanimidade, acorda propoñer ó Pleno de Concello a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia a gratuidade do aparcamento do novo hospital "Alvaro Cunqueiro" de Vigo, así como optimizar os servizos de transporte público ata o centro sanitario indicando a necesidade de existencia de transporte directo dende Nigrán cun tempo de

recorrido razoable.

SEGUNDO.- Solicitar á Xunta de Galicia que se remita ó Concello de Nigrán informe no que se detallan os servizos médicos que permanecerán nos hospitais "Meixoeiro", "Xeral" e "Povisa".

TERCEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia que se comunique a este Concello os servizos que se prestan, no Hospital "Alvaro Cunqueiro", ós pacientes e acompañantes indicando o seu custo se houber.

CUARTO.- Comunicar á Consellería de Sanidade que a xuízo deste Concello existen deficiencias importantes no novo Hospital que deben ser subasanas pola Administración competente.

Deliberación.- Non se producen intervencións.

Acordo.- O Pleno do Concello, coa unanimidade dos 17 membros que o integran, acorda aprobar a proposta nos seus propios termos.

I.7.- PROPOSTA SOBRE ACOLLIDA DE PERSOAS

Vista a moción presentada polo grupo Nigrán Decide, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais en sesión celebrada o 17 de setembro de 2015, por unanimidade, acorda propoñer ó Pleno de Concello a adopción do seguinte acordo:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este verán foi un dos máis terribles e de maior deshumanización que lembramos. Moitos son os motivos para este calificativo pero, sen dúbida, as imaxes e as novas coas que estamos convivindo estanse a converter en cotiás, sendo as máis vergoñentas para as denominadas democracias occidentais, autodenominadas defensoras dos dereitos humanos.

Actualmente son centos de miles as persoas que fuxen das guerras, principalmente da guerra civil de Siria. Boa parte destas persoas son nenos e nenas que non teñen culpa ningunha. A única "culpa" que teñen é nacer nun país onde as grandes potencias están favorecendo unha guerra na defensa dos seus intereses xeostratéxicos, que nos están levando ante a maior catástrofe humanitaria desde a Segunda Guerra Mundial.

Debemos impulsar a acollida a estas persoas non só como esixencia da súa dignidade e como un profundo xesto de solidariedade que debemos mostrar, do mesmo xeito que hai 80 anos moitos países acolleron aos refuxiados que fuxían da guerra do 36, algúns deles veciños de Nigrán.

Galicia e o Estado español van acoller a un número indeterminado destas persoas. Persoas que serán distribuídas de forma equitativa na maioría dos concellos.

Cando estas persoas cheguen ao noso país e antes da súa distribución definitiva entre os concellos, deberán permanecer nalgún lugar de acollida temporal.

O Concello de Nigrán non conta con instalacións municipais dignas de ser empregadas para a acollida destas persoas, pero no seu término municipal existe a Residencia de Tempo Libre de Patos, residencia que pasa a maior parte do ano pechada.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

PRIMEIRO: O Concello de Nigrán declara súa disposición a axudar e acoller no seu término municipal ás persoas que fuxen da guerra e a persecución nos seus países e solicitan asilo na Unión Europea e, para iso, solicita á Xunta de Galicia que habilite a Residencia de Tempo Libre de Patos como lugar de acollida temporal para estas persoas refuxiadas.

SEGUNDO: Comunicar o presente acordo á Xunta de Galicia e a todos os Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia."

Deliberación.- Non se producen intervencións.

Acordo.- O Pleno do Concello, coa unanimidade dos 17 membros que o integran, acorda aprobar a proposta nos seus propios termos.

I.8.- PROPOSTA SOBRE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA

Previa declaración de urxencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de setembro de 2015 acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo grupo municipal do BNG:

"Exposición de motivos

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos

no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas– está estreitamente vencellada a dispoñen de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Esta proposición de Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétese a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Por todos estes motivos, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **acordo**:

Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza. "

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: É unha iniciativa auspiciada pola CIG, á que el lle deu forma. Trátase de expresar o apoio da Corporación a unha iniciativa popular que pretende unha tarifa eléctrica galega, que teña en conta a nosa condición de territorio produtor excedentario. Por outra parte, aborda a problemática das persoas en situación de pobreza enerxética.

D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: O PP vaise abster pola definición de pobreza enerxética, xa que pensan que é incompleta.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Absteranse, non por estar en contra, senón porque aínda non analizaron o fondo do proxecto.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: El abstívose na Comisión Informativa por falta de información. É unha iniciativa loable na tamén deberían intervir os servizos sociais. Vai

haber un debate parlamentario. Votará a favor.

Sr. Rodríguez Fernández: O acordo sería de apoio á proposición de Lei. Facilitoulle o texto aos portavoces.

Sr. Alcalde-Presidente: O PSOE votará a favor.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP e Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.9.- MOCIÓN DE URXENCIA: APROBACIÓN DAS TARIFAS APLICABLES AOS SERVICIOS URBANOS DE TAXIS DE NIGRÁN

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Expte. n.º: 2014001948sV

Con data 25 de setembro de 2014 (entrada 12.632) unha persoa que manifesta actuar en representación da asociación de taxistas de Nigrán solicita a aprobación da tarifa urbana dos taxis deste municipio. Xunto coa instancia achéganse escritos da Presidencia de Taxis Asociación de Autopatronos de Pontevedra, interesando a aprobación da tarifa e a delimitación de zonas do termo municipal para a aplicación da mesma, e acompañando un estudo económico no que se detallan as tarifas propostas.

Con data 20 de outubro de 2014 a Unidade de Servizos indica que debería contarse cun estudo económico de contraste. A efectos comparativos incorporáronse as tarifas autorizadas en varios Concellos da Provincia.

O 12 de novembro de 2014 a Alcaldía decide tramitar o procedemento para a aprobación das tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxis de Nigrán, incorporando unha proposta de tarifas, e someter o expediente a información pública polo prazo de 20 días hábiles con audiencia das asociacións de consumidores e usuarios e dos profesionais do sector, e posterior audiencia do Consello Galego de Transportes, indicando que o Concello, previo ditame da Comisión Informativa, adoptará a resolución que corresponda, supeditada á autorización que deba outorgar á Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria.

No posterior período de exposición pública e trámite de audiencia, con data 1 de decembro de 2014, publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia e dirixíronse escritos á Asociación de Empresarios de Nigrán, á Asociación de Traballadores Autónomos e á Federación de Usuarios e Consumidores Independentes de Galicia, sen que conste a presentación de alegacións.

Posteriormente, a Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo do Consello Galego de Transportes, na sesión celebrada o día 11 de xuño de 2015, acordou formular determinadas consideracións en relación coa aprobación de tarifa urbana e implantación de taxímetro no Concello de Nigrán, no seguinte sentido (escrito recibido o 30 de xuño de 2015, entrada nº 8.270):

Segundo os datos facilitados polo INE para o ano 2014, o concello de Nigrán conta cunha poboación de 17.715 habitantes. Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 41 e na disposición transitoria décima da Lei 4/2013, os titulares de licenzas de taxi teñen a obriga de equipar os seus vehículos co correspondente aparello taxímetro dende 014/07/2015.

Da análise da tarifa proposta advírtense as seguintes cuestións:

- Aspectos de Legalidade:

A proposta de tarifa establece unha delimitación do casco urbano que debe, en todo caso, respectar a existente no concello sen que poida verse alterada a efectos tarifarios.

Na xustificación da tarifa recóllese a existencia de percorridos "mixtos" nos que se utilizan as tarifas urbana e interurbana, os cales non encontran amparo na Lei 4/2013, debendo ser tarifado cada servizo como integramente urbán ou integramente interurbán.

- Aspectos de Oportunidade:

Derivados da actual tramitación pola Dirección Xeral de Mobilidade do proxecto de "Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se harmoniza o réxime tarifario dos servizos urbanos e interurbanos de transporte público discrecional de viaxeiros en vehículos de turismo" que, no caso de entrar en vigor, provocaría as seguintes contradicións nas tarifas propostas e a necesidade da súa adaptación:

Poío que respecta á tarifa nocturna e de festivos, faise constar que o proxecto de orde prevé o seu establecemento como un complemento que reflicta unha porcentaxe de incremento sobre a tarifa ordinaria en días laborables.

En relación ca suplemento por maleteiro, faise constar que o proxecto de orde prevé que o usuario terá dereito ao transporte gratuito dun vulto por persoa.

Dada a obrigatoriedade de que os vehículos estean equipados cos correspondentes aparellos taxímetro, faise constar que o proxecto de orde prevé, na determinación da tarifa ordinaria, a inclusión dos seguintes conceptos: valor do paso, tempo de espera e velocidade de cambio de arrastre para unha maior transparencia cara os consumidores na súa publicidade.

- Conclusión: Logo da súa valoración, a comisión especial de transporte público en vehículos de turismo acordou emitir un informe parcialmente favorable á tarifa presentada coas advertencias recollidas anteriormente e solicitando a subsanación dos aspectos de legalidade.

Na comunicación correspondente sinálase que o acordo adoptouse por maioría cos votos en contra de consumidores e usuarios pola existencia de suplementos os días 24 e 31 de decembro non sendo días festivos.

Con data 3 de xullo de 2015, a Alcaldía remite o expediente, para informe, á Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria, sinalando que a proposta de Alcaldía

relativa ás tarifas non inclúe ningunha delimitación específica do casco urbano, polo que se entende que as tarifas consignadas son aplicables aos servizos que se presten no ámbito do termo municipal. Tampouco se inclúe na tarifa mención algunha a percorridos "mixtos, polo que se entenden cumpridos os aspectos de legalidade aos que fai mención o citado informe.

A Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria, o 22 de setembro de 2015 (registro de entrada n.º 11.625), resolve autorizar a aplicación das tarifas máximas (IVE incluído) para o transporte urbano en auto-taxi de Nigrán, en termos coincidentes coa proposta do Concello.

Tendo en conta o sinalado e vistas as previsións do art. 40 da Lei 4/2013, do 30 de maio, do transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e normas concordantes, esta Alcaldía Presidencia proponlle ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar as tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxis de Nigrán, co seguinte detalle:

Conceptos	Tarifas máximas € (IVE incluído)
TARIFA DIURNA (de 6 a 22 horas)	
Percepción mínima (inclúe un recorrido de 1.500 metros ou tempo equivalente)	3,75
Km. percorrido	1,05
Hora de espera	16,20
TARIFA NOCTURNA/FESTIVOS (aplicables en días laborais de 22 a 6 horas, sábados dende as 15 horas, domingos, festivos, 24 e 31 de decembro)	
Percepción mínima (inclúe un recorrido de 1.500 metros ou tempo equivalente)	4,50
Km. percorrido	1,26
Hora de espera	19,44
SUPLEMENTOS	
Vultos ou maletas (excepto cadeiras de discapacitados e de nenos)	0,60
Traslado de mascotas (excepto cans lazarillo)	1,00
Na aplicación das tarifas serán supletorias as disposicións autonómicas referidas aos servizos en automóviles de turismo de ámbito interurbano.	

SEGUNDO.- Realizar a correspondente publicación no boletín oficial da provincia de Pontevedra.

TERCEIRO.- Indicar que este acordo pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente RECURSO DE REPOSICIÓN, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación ou publicación. Todo elo sen prexuízo de que se poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Votación e acordo relativo á urxencia.- O Pleno do Concello, coa unanimidade dos 17 membros que o integran, acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Le a proposta e agradece a paciencia do colectivo e aos funcionarios o esforzo para rematar con urxencia o expediente.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Felicítase pola proposta.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están a favor de poñer fin a unha situación alegal coa esta.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Na Comisión Informativa, xa se adiantou a intención de traer o asunto ao Pleno. Botan en falta que non lle deran a proposta antes da sesión.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Votará a favor pola necesidade de tomar a decisión, aínda que a proposta debeuse remitir por correo electrónico.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- O Pleno do Concello, coa unanimidade dos 17 membros que o integran, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de xullo de 2015 e o 31 de agosto de 2015, ambos incluídos.

II.2.-DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBEXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015, E ESTIMACIÓN A DÍA 31-12-2015

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe da Intervención municipal, que a seguir se identifica:

-Rfa. T 137/15
-Data de emisión: 30-07-2015

-Epígrafe: Avaliación do grado de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do nivel de débeda viva no segundo trimestre de 2015.

II.3.-DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 2º trimestre do 2015.

II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Antonio Fernández Comesaña (UCN). Le un escrito que di:

DON ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, CONCEJAL DEL PARTIDO UNIÓN CENTRISTA DE NIGRÁN (UCN), DA CUENTA AL PLENO DE LA CORPORACION DE LAS SENTENCIAS ABSOLUTORIAS RECAIDAS EN PROCESO JUDICIAL, POR UN SUPUESTO DELITO DE PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA CONTRA MI PERSONA, Y PARA QUE CONSTE EN ACTA, A CUYO FIN: MANIFIESTO:

1.- Como bien es conocido, tanto por los miembros de la Corporación como por la opinión pública, desde finales del mes de julio de 2010, me he visto envuelto en unos desagradables episodios (que he dado cuenta al Pleno de la Corporación en setiembre de 2010), que no solo han afectado a mi persona, sino también a funcionarios tanto de éste Ayuntamiento como de la Diputación, ahora ya jubilados, y por supuesto, ensuciado de alguna manera el buen nombre de Nigrán (por la descomunal repercusión mediática desplegada), con la única finalidad de causar el mayor daño personal y político al aquí compareciente.

2.- El procedimiento judicial arranca en el mes de noviembre de 2009 cuando el entonces concejal del PSOE Juan Hermida Lago, presenta denuncia ante la fiscalía, por haber conformado unas factutas referidas a la redacción del proyecto de "Mejora de la seguridad vial y dotación de servicios urbanísticos en la Rúa Manuel Prado (SAN PEDRO)", indicando falsamente que se trataban de facturas por obras no realizadas, cuando los proyectos fueron entregados en el Ayuntamiento y por registro el 12/12/2006, depositados en el departamento de Servicios Urbanos.



3.- La gravedad de tales afirmaciones han dado lugar a un cúmulo de confusiones que propicio la apertura del expediente de diligencias previas 2967/2010, llevadas a cabo por el Juzgado de Instrucción número 3 de Vigo, originando mi imputación, la de dos ingenieros del Ayuntamiento y Diputación (Antonio Pérez Collazo y Rafael Llano de la Concha), así como directivos de la consultora de Ingeniería redactora del proyecto técnico realizado.

4.- Después de un largo calvario judicial vivido a lo largo de los 5 años que ha durado este procedimiento, se procede en el mes de junio de 2014 al archivo de las diligencias de todos los demás imputados en la causa, con la única excepción de éste humilde concejal, que se ordena la apertura de Juicio oral, por la que se pedía la condena de 9 años de inhabilitación para cargo o empleo público. 5.- Por sentencia 106/2015 del Juzgado de lo Penal número 1, con fecha 27/3/2015 se dicta sentencia absolutoria, por el delito de prevaricación del que venía siendo acusado, pensando que ya por fin terminaba mi calvario, pero sin embargo, la Fiscalía decidió recurrir el fallo, lo que da lugar a que la Sección sa de la Audiencia Provincial, en sentencia 378/2015, con fecha 14/7/2015 desestime el recurso planteado y confirma plenamente la sentencia absolutoria dictada por el Juzgado de lo Penal número 1. Ahora si, asunto cerrado y concluido.

6.- Lo dije en su día y lo vuelvo a repetir ahora, es lamentable que personas de baja catadura moral, utilicen a la justicia para dirimir cuestiones personales derivadas de enfrentamientos políticos, pretendiendo poner en tela de juicio mi honorabilidad y trayectoria, tanto profesional como política llevada a cabo a lo largo de los casi 40 años dedicados a la Función Pública, de forma honrada y con el único afán de servicio a los ciudadanos, y que han querido poner en solfa causando daños irreparables, no solo en el plano profesional, sino también en el personal y familiar, y desde luego también, con el descrédito político.

7.- Los daños morales y los que han afectado a mi honor, son a todas luces irreparables, pero no así algunos económicos que he tenido que soportar en mi defensa jurídica, así como otros difícilmente cuantificables, por eso anuncio ante ésta Corporación, que de acuerdo con el arto 75.4 de la Ley 7/85 de Régimen Local y el arto 13.5 del Real Decreto 2586/86, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas, solicitaré en breve su reintegro inmediato, a cuyo fin adjuntare copia de las sentencias absolutorias y demás justificantes, no descartando en el futuro reclamar su reintegro a las personas que hayan intervenido o contribuido en el procedimiento. Igualmente, por parte de mi representación letrada se estudia la posibilidad de plantear al Ministerio de Justicia, reclamación patrimonial por dilación indebida del procedimiento y ciertas actuaciones desproporcionadas.

8.- Finalmente decir, que no guardo RENCOR a nadie y perdono a todos los que han querido y contribuido hacer de ésta causa un LINCHAMIENTO POLÍTICO-PERSONAL, Y que hechos como éste no hacen más en enfangar la vida política y un flaco favor a la Democracia. Seguiré trabajando con honestidad y honradez como he venido haciendo hasta la fecha, en defensa del interés general, por mal que le pese a algunos.

Lamentar igualmente, que Nigrán vuelva a estar desgraciadamente en los medios de comunicación a través de la Operación Patos, pido respeto por la presunción de inocencia, como derecho Constitucional tanto para políticos como funcionarios implicados, y una actuación rápida de la justicia bajo criterios de independencia y profesionalidad, lo que manifiesto por .la experiencia vivida a lo largo de todo este tiempo.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular. Puedo suscribir perfectamente todas y cada una de las palabras que dices, pero lamentablemente todo lo que aquí achacas es lo que tu haces. Precisamente dices que utilizas la política, los instrumentos de la justicia; que se te ha hecho daño personal y profesional. Pero es lo que tu has hecho

es denunciar ante la Fiscalía al anterior alcalde de Nigrán, lo que supone una denuncia a un funcionario y posiblemente a mi persona, con lo cual vamos a estar metidos en el mismo fango que tu hoy dices que te han metido sin querer, porque hay que salvar tu honor, tu decencia. El problema es que no lo has cumplido durante tu vida política y el ejemplo lo tenemos ahora. Has dado en un tema importante, que es el daño a las personas por encima del daño a los políticos, pero es que a mi me retuerce hoy algo en el corazón al escuchar estas palabras precisamente de tu boca. Que seas tú el que hoy venga a decir esto cuando has denunciado a un alcalde y has provocado una imputación a un funcionario público que lo único que está haciendo es la labor de su profesión, no lo acabo de entender. Más allá de la política hay personas. Eso que pides de resarcir el honor, incluso el tema económico, que te has gastado dinero en defensa jurídica, por tus actuaciones, otros lo tendremos que hacer. Espero que cuando eso se produzca a los demás seas el primero en defenderlos y echarnos una mano en que no se generalice esa condena pública, ese daño personal y esa utilización política de asuntos. Algunos asumimos responsabilidades políticas en su día y que ahora algunos utilizan.

Sr. Fernández Comesaña: Non pensaba que houbera un debate por isto. Simplemente puntualizar o que di o representante do Partido Popular, que loxicamente eu non me vou a esconder nin teño por que avergonzarme de nada. O que dixen aquí o manteño e sosteño. Está xustificado plenamente, de feito incluso na parte final onde cito a operación Patos, que probablemente haxa implicacións e non pola miña culpa, do portavoz do Partido Popular, polo que se recolle na prensa, e pido claramente, dada a experiencia vivida, que se teña moi presente a presunción de inocencia para todos, incluso os políticos, e que se actúe con rapidez, cousa que no meu caso non foi así. A actuación á que vostede está referíndose, na que parece que está imputado, eu tampouco o sei con seguridade, unha actuación concreta da grúa municipal, eu non denunciei, simplemente trasladei á Fiscalía un informe onde recollía unha serie de irregularidades. É a miña obriga como concelleiro cando se aprecia unha serie de situacións recollidas nun informe oficial. Aquí é outra cousa moi distinta. Previamente non había ningún informe e se chega á Fiscalía e se din falsidades. Non me acuse a min de estar eu detrás na operación Patos.

Sr. Valverde Pérez: Ninguén te acusou da operación Patos, estouche dicindo que ti mesmo fixeches unha denuncia ante a Fiscalía igual que no punto 2 do teu manifesto dis que o procedemento xudicial arranca no mes de novembro de 2009, cando o entón concelleiro do PSOE Juan Hermida Lago... Imaxínome que este concelleiro no seu momento tamén tería indicios dalgún acto que merecese pórse á disposición da Fiscalía. Queda claro que hai unha denuncia de Antonio Fernández Comesaña ante a Fiscalía.

2.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

2.1. En el acta del último Pleno que acabamos de aprobar, en el punto 1.3., cuando se debatió una propuesta que hacíamos el grupo Popular a un acuerdo plenario, tras una intervención que hizo el portavoz del Bloque, que indicó: "...no tiene inconveniente de que se trate de acercar posiciones en una Junta de Portavoces, dejando ahora el asunto sobre la mesa mientras no se haga esa reunión..." Al final, votamos todos dejar sobre la mesa con una última intervención

del Alcalde: "...si así se acuerda, se tratará en el próximo Pleno previa reunión de los portavoces..." Llevamos dos meses. Tuvimos tiempo. Lo recuerdo, porque nosotros en aquel momento acordamos dejar todo en suspenso después de la información que nos dió el Secretario que podíamos esperar una solución expresa. Cumplamos el acuerdo.

2.2. Se publicó la Ordenanza de convivencia y ornato público del Concello de Nigrán en el Boletín Oficial de la Provincia, aprobada por el Pleno, y hubo dos alegaciones que se presentaron en tiempo y forma, de una señora particular y del Partido Socialista de Nigrán. Para las dos alegaciones se pidió informe a los servicios jurídicos y las dos alegaciones están informadas, con lo cual lo procedente sería dar una resolución final a la ordenanza que está publicada, valorando la contestación que da el técnico a las alegaciones. Entiendo, además, que el Partido Socialista de Nigrán debe tener su relación con el grupo municipal del PSOE, con lo cual deben ser muy parecidas. Lo digo porque en cualquier municipio que vean, incluso de menos de 5.000 habitantes, existe esta ordenanza que creemos que es fundamental y que hay cosas que no se pueden regular ni actuar los servicios de la Policía por culpa de no tenerla y que debería ponerse en marcha. Está todo hecho. Entiendo que no debería tardar mucho. Ruego que se traiga al próximo Pleno.

2.3. En cuanto al presupuesto para el 2016 le pregunto si está el borrador elaborado, en que trámite está, sobre todo para que pueda comenzar su vigencia el 1 de enero. Y si en relación a ese borrador que está elaborando ya reflexionó sobre si para Nigrán es conveniente o no que todas las modificaciones de crédito, excepto las que sean motivadas por subvenciones de otras administraciones y que haya que resolver en poco tiempo vengan aquí. Realmente es una pregunta complicada, porque si me dice que reflexionó ahora y que no tienen que venir, quiere decir que cuando propuso lo contrario no había reflexionado. Verá la contestación cuando presenten el presupuesto del año que viene.

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos traballando no orzamento do 2016. Xa temos borradores internos e estamos reflexionando sobre ese tema e decidiremos se a reflexión actual é a mesma que a que fixemos fai tempo ou as reflexións cambian a medida do tempo.

2.4. Durante bastante tiempo diferentes grupos municipales, y quiero hacer hincapié en el grupo del Bloque, que lo demandó muchas veces, la auditoría a los servicios externos municipales se informó que estaba en marcha una auditoría del servicio de limpieza y recogida de residuos. Tal auditoría con muchísimos problemas que hubo para poder tener acceso a los datos, se presentó hace un mes y medio aproximadamente en el Concello. Del análisis de la auditoría habría que hacer reflexiones en cuanto al servicio como tal; si se está prestando de acuerdo a lo que los ciudadanos y el Concello está pagando y tiene una cierta trascendencia económica. También porque se debe pagar por aquello que realmente se hace. Quiero saber si están trabajando en ello y, como ruego, que no acabe en lo que acabó una auditoría que se planteó Juan Hermida, que era concejal de medio ambiente, que después de 20 preguntas en el Pleno acabó sin resolverse nunca. Tiene trascendencia porque, además, hay grupos en este Concello que su propuesta política es la recuperación de los servicios externos. Es la partida más grande que paga el Concello ahora mismo y pediría que nos informara de lo que tienen pensado hacer, y que se haga.

Sr. Alcalde-Presidente: A auditoría está presentada pola empresa hai aproximadamente

un mes. Loxicamente é unha auditoría que fai unha empresa que hai que trasladar á concesionaria para que faga as alegacións e se poida comprobar coa empresa que fixo a auditoría. Estamos nese período. No momento en que esas alegacións estean feitas, volverán ao Concello e haberá que facer unha reunión entre os técnicos municipais para tomar as decisións oportunas.

3.- D^a. *Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular.*

3.1. Pregunto como se encuentra el tema de las actividades culturales y deportivas, porque hace cuatro años se nos criticó muchísimo porque reducimos, pero este año no hay.

Sr. Alcalde-Presidente: Custou un pouco sacar adiante estas actividades. Esta semana deuse definitivamente o visto bo á selección de persoal para poder impartilas. En vez de empezar a principios de outubro empezarán a principios de novembro.

Sra. Silva Pequeño: ¿De que forma vais a hacer la contratación?

Sr. Alcalde-Presidente: Contratación de persoal para impartir exactamente as mesmas.

Sra. Silva Pequeño: ¿A través de urgencia? No tiene sentido que se nos oblique a hacer una serie de cosas cuando no se puede contratar personal para poder realizarlas. Como sabeis, ahora mismo no se permite la contratación directa de personal municipal y me están diciendo que estais tramitando la contratación directa, ¿me explicais como?.

Sr. Alcalde-Presidente: A través del Concello.

Sra. Silva Pequeño: ¿Un proceso normal de selección abierto? Pediré el expediente por Registro.

3.2. ¿Las deportivas las vais a llevar a cabo en el pabellón?.

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

3.3. ¿Se va a llevar a cabo la obra para la cual estaba el dinero reservado?.

Sr. Alcalde-Presidente: Si, o que pasa é que non hai proxecto. Había un preproxecto, de feito están a enxeñeira e o delineante a traballar no proxecto porque non había. Despois haberá o período de contratación das obras. É unha cantidade importante que non se fai nunha semana nin en 15 días. Polo tanto, a intención, entre que se fai o proxecto e se contrata, é que as obras empecen en xuño de 2016.

Sra. Silva Pequeño: Informar que cuando nosotros hemos abandonado este gobierno el proyecto estaba hecho y firmado. Tiene urgencia. Hay un informe de la Ingeniera de 19 de diciembre de 2013. Logicamente tiene que tener constancia el Alcalde. El pabellón no se puede utilizar. No cumple con ningún tipo de normativa. Hemos dejado tanto el dinero reservado como el proyecto hecho para que urgentemente se llevara a cabo la obra, porque a día de hoy es un riesgo y no se debe celebrar ningún tipo de evento ni actividad dentro del pabellón.

Sr. Alcalde-Presidente: O proxecto dentro da Casa Consistorial non está. Se está feito ao mellor está nun sitio externo.

Sra. Silva Pequeño: Realizado por la Ingeniera municipal y terminado en julio de 2015. Lo que si tengo son los informes de todas las deficiencias y todo lo que no cumple el polideportivo.

Sr. Alcalde-Presidente: O proxecto, hai un borrador pero non se pode contratar con ese proxecto e os técnicos municipais así no lo din. Se vostedes teñen o proxecto agradeceríamos que nolo pasaran porque así ganamos tempo.

4. D^a. María del Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: ¿Como está la tramitación de los asfaltados de los caminos de Nigrán, entre ellos el de Rouxo en Priegue, que ya estaban para empezar y el acondicionamiento de la parcela de Mestra Emérita?

Sr. Alcalde-Presidente: Pendiente de informe de Augas de Galicia para que poidamos levar a cabo a obra de Mestra Emérita, e os asfaltados, pendentes de contratar.

5.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

5.1. ¿Canto tempo ten para contestar CESPA?

Sr. Secretario, á petición do *Sr. Alcalde:* O trámite dura uns 20 días. Hai que ver cando lle foi notificado.

5.2. Na reunión informal que celebramos para o PXOM, eu interpretei que o equipo redactor iba a contestar ás alegacións informadas favorablemente. Da análise que estamos facendo de todas as alegacións este grupo observamos que existen numerosas alegacións contraditorias. Se unha se informa favorablemente as outras teñen que informarse desfavorablemente. ¿A quen lle vai contestar o equipo redactor as alegacións informadas favorablemente e cando o vai a facer?

Sr. Alcalde-Presidente: Na reunión que tivemos co equipo redactor, na que estabamos todos presentes, dixeron que ían a contestar ao Concello todas as alegacións. Eu creo que o de non contestar a alegación directamente ao cidadán, agora neste momento, é unha decisión acertada, porque que o equipo redactor conteste favorablemente unha alegación ao cidadán non significa que cando definitivamente o proxecto de Plan Xeral sexa aprobado definitivamente pola Xunta de Galicia iso sexa incluído. Pode ser unha proposta favorable do equipo redactor, pero que a Xunta de Galicia dea marcha atrás e diga que iso aí non pode ser. Vanse a traer todas ao Concello e todas aquelas que teñan certas dúbidas ou que consideren eles desfavorables nolas van presentar á Corporación.

5.3. Sairon outra vez noticias relativas á operación Patos, que ao principio se falaba de contratos e agora se fala de máis na prensa ¿Que expedientes foron solicitados polo Xulgado núm. 7 dentro destas actuacións?.

Sr. Alcalde-Presidente: Pedín información e paso a ler. Rúa Porto do Molle, Proxecto

Praza da Carrasca, Paneles solares duchas de praias, Pasarela peonil Río Muíños, Peche Praza da Carrasca, Reparación socavón carretera Panxón–Camiño dos Lagos, Pintados e sinalizacións viais no Concello, Subministro de luminarias para praias, Subministro e sinalización 2013/063C, Execución de beirarrúas enlace de Estrada pola Vía, Expedientes de catro obreros municipais

5.4. Agradecer que o Concello que proxecte a película Setembro do 75, que fai unha homenaxe aos últimos asasinados polo réxime de Franco por defender a legalidade democrática. Aínda que probablemente xa o teña pensado, lle rogamos que proxecten a película relativa á Volta dos Nove, agora ademais que vai a ser o cabodano dun dos primeiros asasinatos que houbo en Nigrán por defender a legalidade democrática.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa está previsto e se representará o 14 ou 15 de outubro co motivo do cabodano.

6.- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide:

6.1. Respecto ao servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán, o 27 de novembro de 1992 asinouse o contrato e a concesionaria xa levaba dous meses ocupándose del. A duración do contrato ten 25 anos. Na clausura 26ª do citado contrato indícase que durante os 3 últimos anos de contrato, que comezaron o 1 de outubro de 2014, xa pasou case un ano, o Concello fiscaliza especialmente o mantemento e conservación do servizo exixindo as correspondentes reparacións ao obxecto de manter a mesma no mellor estado ata a finalización do contrato. ¿Tomou medidas o Concello para fiscalizar o mantemento e conservación da infraestrutura? En caso afirmativo ¿que medidas?

Sr. Alcalde-Presidente: Ata o momento non se fixo nada. De todas formas a verdade é que agradecemos a pregunta, porque ese punto nós non o coñecemos. Nos ven de marabilla para saber como están todas as instalacións. Daremos traslado á Enxeñeira municipal e á Intervención para que o fagan chegar á empresa e que nolo faciliten.

Sr. Mosquera Nogueira: Que se faga o antes posible.

6.2. Preguntamos no pasado Pleno se pensaba convocar o Consello Sectorial do PXOM e nos contestou que primeiro quería informar aos voceiros dos grupos. Xa se informou o 5 de agosto, polo que lle rogamos que o convoque xa para non ter que pedilo outra vez no Pleno do mes que ven.

6.3. Tamén lle solicitamos que se inclúsen na páxina web os enderezos electrónicos de todas/os as/os concelleiras/os de Nigrán, agás que algún non o desexe. Como xa se colocaron en parte os correos electrónicos do equipo de goberno, solicitamos expresamente que se coloquen os dos dous concelleiros do grupo Nigrán Decide.

Sr. Alcalde-Presidente: Se corraxirá de inmediato.

6.4. Nigrán ten unha riqueza natural e cultural única que pode ser unha fonte de riqueza xeradora de emprego se a sabemos conservar e mellorar. A imaxe do Concello, en materia de limpeza, debería ser unha prioridade para o goberno municipal, como tamén o debe ser o

coidado da paisaxe, das fincas tanto privadas como públicas, dos camiños e rúas, das praias ou de lugares emblemáticos de Nigrán como Monteferro, a Foz do Miñor, as Dunas dos areas de Lourido, Praia América e Panxón. Actualmente tamén temos un punto limpo que consideramos ten que ser potenciado. CESPA ten unha obriga contractual de facer campañas de sensibilización. Por todo isto, facemos o seguinte rogo: que se elabore un plan de mellora da imaxe de Nigrán coa participación dos colectivos veciñais, culturais e medioambientais e da propia concesionaria CESPA, no que necesariamente debe haber unha campaña informativa de sensibilización destes aspectos entre toda a veciñanza e particularmente nos centros de ensino.

Sr. Alcalde-Presidente: Trasládollo ao concelleiro de medio ambiente.

6.5. Pedimos a instalación na entrada do Concello dun buzón para o grupo Nigrán Decide.

7.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

7.1. Transmitir a nosa felicitación por poñer en marcha a execución dun acordo plenario relativo á moción que UCN presentou a principios do ano 2014, que foi apoiada polo Partido Socialista e o BNG, referente á recuperación do dobre sentido de circulación na Rúa do Mariñeiro en Panxón, así como restablecer as paradas do transporte público na PO-325, na Estación e no cruce de Bouzavella. ¿Con respecto ao transporte público que previsións hai de que poida empezar a operar?

Sr. Alcalde-Presidente: Rematamos case a contratación para o pintado e xa pedimos a reunión con ATSA. Mañá empezan a borrar as liñas, para facer o pintado e logo falar con ATSA.

7.2. Quería saber que previsións hai en canto á nova reordenación ou supresión, onde proceda, do carril bici polo litoral costeiro, dado o perigo que supón para peóns e ciclistas, tendo en conta así mesmo o rechazo veciñal que está xerando.

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos niso tamén.

7.3. Cumpridos os dous anos contemplados no acordo de aprobación inicial do PXOM, no outorgamento de licencias quería saber se xa se está aplicando e se se están retomando aqueles expedientes que estaban en trámite e que por mor de aquel acordo quedaron en suspenso.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa se están contestando os expedientes xusto desde que nós empezamos.

Sr. Fernández Comesaña: Non estaba de máis facelo público para que todo o mundo poida ter constancia e se saiba.

8.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

8.1. No Pleno do mes de xullo esta Corporación aprobou solicitar a Augas de Galicia que

deixara sen efecto a súa decisión de resolver o convenio co Concello de Nigrán e, ao mesmo tempo, aprobamos que de non producirse tal revogación facultábamos tamén ao Alcalde para que formulara o requirimento previo á interposición do recurso contencioso-administrativo. Eu o que quería é saber como está o proceso neste momento.

Sr. Alcalde-Presidente: Dende aquel día non, pero dende días posteriores, está o xurídico deste Concello traballando nese tema, preparando as alegacións polas que consideramos que ese convenio non debe ser rachado. Hoxe mesmo rematou ese informe. Entre o que a Xunta de Galicia informaba, que non se podía iniciar esa obra en Parada, dicía que era imposible cumprir os prazos porque a subvención da Unión Europea non permitía ningunha obra que rematara nin que fora pagada despois de decembro e que polo tanto non quedaba máis remedio que suspender o convenio. É bastante curioso, porque a Xunta está atrasando o abastecemento a Camos, que dixo que iba a empezar en xullo para poder tela terminada e entregada antes de decembro. E xa agora nos dixeron que ata finais deste mes non empezan, co cal tampouco van a acabar.

Sr. Rodríguez Fernández: O problema disto é que os paganos son os de sempre, que son os veciños de Parada, que teñen que sufrir a incongruencia de vivir ao lado dun polígono con todos os servizos mentres eles carecen dos máis básicos. Eu nese sentido me gustaría saber tamén que ten pensado o goberno municipal para evitar que este conflito supoña para estes veciños quedarse sen abastecemento municipal.

Sr. Alcalde-Presidente: Agora temos plan A que é conseguir que pague a Xunta. A partir de aí o plan B é intentar conseguir que o pague a Xunta e o plan C tamén é intentar que o pague a Xunta. Senón é así, eu tiña unha reunión este mércores coa delegada da Xunta en Vigo, María José Bravo Bosch, sobre este tema, pero suspendeu a reunión.

Sr. Rodríguez Fernández: Eu entendo que unha vez iniciado o conflito, o contencioso-administrativo, unha cousa é a reclamación que se lle poida facer á Xunta que non terá nada que ver con que o Concello de Nigrán faga o abastecemento a Parada.

Sr. Alcalde-Presidente: Está claro que senón conseguimos que a Xunta o faga, creo que para toda esta Corporación un obxectivo destes catro anos é que Parada teña auga, e buscaremos os medios para que a auga chegue a Parada. Ese é o noso compromiso.

8.2. Respecto á Área Metropolitana recentemente o Vicepresidente da Xunta de Galiza manifestou que ía remitir aos Concellos as propostas recibidas do Concello de Vigo, para que ademais os gobernos as trasladasen a todos os grupos municipais para o seu estudo, que as coñeceran, que alegaran e manifestaran o que creran oportuno. Quixera saber si se recibiron.

Sr. Alcalde-Presidente: A Vicepresidencia da Xunta nos xuntou os documentos remitidos polo Alcalde de Vigo correspondente ás dúas alternativas plantexadas, así como un cadro explicativo. Está en Secretaría, a Secretaría do Alcalde tamén ten copia, polo tanto está a disposición de todos.

Sr. Rodríguez Fernández: Pide que se facilite aos grupos.

Sr. Alcalde-Presidente: Todo é interesante, pero ten ao final uns cadros de resumo. Que cada un valore o que quere porque ten un gran volume.

8.3. Respecto aos formularios, para facilitar os trámites á cidadanía, igual que os formularios e as solicitudes que teñen que ver con urbanismo están na páxina web, pide que se poña tamén o máis utilizado no Concello, que é o "Solicita". Tamén a solicitude de certificación de empadramento, que sería bo poder descargala e vir aquí con eles cubertos, facilitando o traballo dos funcionarios de rexistro. Podemos aproveitar para facer un modelo normalizado en galego. Neste momento o que se dá é unha fotocopia ata descadrada e só dispoñible en castelán. Tamén que se faga un modelo normalizado en galego do propio certificado.

8.4. Da operación Patos o que soubemos foi que o Fiscal solicita unha serie de imputacións a unha serie de xente e desgraciadamente para o Concello de Nigrán, o maior número de imputacións que se solicita de calquera administracións é no Concello de Nigrán. Independentemente do que acabe dicindo a Xuíza no seu Auto, creo que o simple feito de que o Fiscal lle solicite á Xuíza a imputación, non sei si de 14 persoas, é un asunto suficientemente grave como para que se trate nunha xunta de Portavoces onde por parte da Alcaldía se faga o que solicitaba Nigrán Decide coa relación de expedientes. Pero eu vou mais alá, que nunha xunta de portavoces se nos dea información sobre eses expedientes, os de obras e o de contratación de persoal que supón que para un montón de funcionarios deste Concello o Fiscal solicite esa imputación.

8.5. Xa que está feita a auditoría de CESPAs que poidamos contar con ela os Portavoces dos grupos políticos. Eu, sobre o tema en concreto de CESPAs, permitídemme que volva sobre unha demanda que plantexei sin éxito durante o goberno anterior, e é que se comprobara a xustificación por parte de CESPAs da inversión á que viña obrigada polo prego de condicións. A Enxeñeira municipal emitiu un informe despois da miña iniciativa na que basicamente o que viña a dicir con moito sentido é que a forma de comprobar que efectivamente se fixo esa inversión era simplemente que CESPAs aportase os xustificantes da inversión feita. Eu ao anterior Alcalde lle solicitei que llo requirise. Eu non sei se nesta auditoría aparece ou non.

Sr. Alcalde-Presidente: Aparece.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.